



Presidentes de asembleas lexislativas de sete rexións europeas analizan en Santiago fórmulas para aplicar o principio de subsidiariedade desde as Cámaras territoriais

- **Pilar Rojo, presidenta da COPREPA, actuou como anfitriona dunha reunión na que tomaron parte os presidentes dos Parlamentos de Abruzzo, Veneto, Badem-Wüttemberg, Gales, Niederösterreichischen e do Parlamento Flamenco**
- **Rojo Noguera amósase convencida de que unha maior proximidade dos parlamentos rexionais aos cidadáns se traducirá tamén nunha maior eficacia do traballo das Cámaras**

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2011.- Os presidentes das asembleas lexislativas de Abruzzo (Italia), Nazario Pagano; do Veneto (Italia), Clodovaldo Ruffato; de Badem-Wüttemberg (Alemaña), Willi Staechele; de Gales (Reino Unido), Rosemary Butler; Niederösterreichischen (Austria), Hans Penz; do Parlamento Flamenco (Bélxica), Jan Peumans; e a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, analizaron esta mañá en Santiago de Compostela diferentes fórmulas para avanzar na aplicación do principio de subsidiariedade desde as Cámaras autonómicas.

O Tratado de Lisboa contempla a posibilidade de que os parlamentos rexionais desenvolvan un papel activo no seguimento das decisións do Parlamento Europeo, en aplicación do principio de subsidiariedade, que plantexa que as decisións sexan adoptadas no escenario máis próximo aos cidadáns.



Este asunto forma parte da orde do día da reunión da Comisión Permanente da CALRE (Conferencia de Presidentes de Asembleas Legislativas Rexionais de Europa), celebrada hoxe no Parlamento de Galicia, dado que Pilar Rojo ocupa este ano a Presidencia da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos de España (COPREPA).

Rojo Nogueira amósase convencida de que unha maior proximidade dos parlamentos rexionais aos cidadáns se traducirá tamén nunha maior eficacia do traballo parlamentario e, polo tanto, nun incremento do recoñecemento social do conxunto da clase política.

Outros asuntos

Na reunión celebrada en Santiago de Compostela, o presidente da CALRE presentou un informe sobre as actividades que está a desenvolver desde que asumiu esta responsabilidade; abordouse unha posible reforma do regulamento de funcionamento desta organización e o programa de traballo dun seminario que a CALRE organizará en Pescara (Italia) o vindeiro mes de xullo sobre a dinámica do rexionalismo europeo.

Recepción no Pazo de Raxoi

Pola tarde, a presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Nogueira e mailo presidente da CALRE, Nazario Pagano, foron recibidos polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo no Pazo de Raxoi.

Saúdos, Gabinete de Comunicación